

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN DOWN GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO AVALIACIÓN DO ENVELLECIMENTO DAS PERSOAS CON SÍNDROME DE DOWN E DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa entidade Down Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2022 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento das actuacións que a Federación Down Galicia desenvolve no ano 2022 para a realización dun proxecto de avaliación do envellecemento das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Down Galicia é unha federación de iniciativa social e de ámbito autonómico a que corresponde a representación dos intereses de todas as persoas con síndrome de Down e con discapacidade intelectual na Comunidade Autónoma de Galicia, e a prestación de servizos de calidade na súa atención.

Polo carácter especializado deste proxecto, Down Galicia é a única entidade habilitada para a súa execución, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

